



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

IES de Vilalonga

A Salgueira, 40 - 36990 Vilalonga-Sanxenxo (Pontevedra)



FONDO SOCIAL
EUROPEO

986744953 - 986743103 (FAX)

ies.vilalonga@edu.xunta.es

www.iesvilalonga.org



► INTRODUCCIÓN:

“As BIBLIOTECAS xa non son o que eran, afortunadamente. Xa hai tempo que nelas cambiou case todo para que o esencial se manteña.(...) As bibliotecas convertéronse en lugares de participación nos que o saber e a aprendizaxe constitúen a andamiaxe de fértiles espazos de socialización cidadá, (...) Non creo que haxa no mundo un lugar máis radicalmente democrático que unha biblioteca pública. (...)



**proporcionando aos máis desfavorecidos
oportunidades (búsqueda de traballo,
comunicación) antes impensabéis.**

**Pero a biblioteca pública é tamén, (...) un dos
poucos lugares do mundo (occidental) **nos**
que os mozos e mozas aprenden sen dor un
pouco desa disciplina tan necesaria para a
vida e que, cada vez con máis frecuencia non
encontran noutros sitios (incluídos os seus
fogares) (...)**

“Ideas para bibliotecas en crisis”

artigo de Manuel Rodríguez Rivero

El País 09.02.13

▶ O XERMOLO DO PROXECTO

ANO 2002: Conferencia na **Fundación Sánchez Ruipérez de Salamanca** → **Elisa Rey Búa** xa tiña intención de desenvolver un plan de axuda ao alumnado e recolleu as experiencias de **Guillermo Castán** na **Biblioteca do I.E.S. "Fray Luis de León"** con alumnos e alumnas que teñen dificultades.

► OS COMEZOS

CURSO 2005-2006 : “A Biblioteca escolar, compensadora de desigualdades en educación”: Neste curso fíxose chegar á **Dirección e ao Departamento de Orientación** un programa para atender e acompañar nas súas tarefas, e dende a **Biblioteca** (en horario de 16:15-18:00h), a grupos de alumnos con problemas **cognitivos, familiares e sociais;** Durante este curso non foi posíbel poñelo a andar...

► **CURSO**
2006-2007:
ENTRADA NO
“PLAMBE”



Revísase o Proxecto de biblioteca presentado o curso anterior, e o programa para as tardes da Biblioteca. A proposta, inicialmente suscita unha certa controversia, pero en horario de gardas da Biblioteca ou facéndoo de xeito voluntario, 6 profesores do equipo prestan apoio a 3 grupos de alumnos de 1º ciclo de ESO, atendendo a un total de 32 rapaces e rapazas.



BIBLIOTECA IES DE VILALONGA

**ATENCIÓN A
GRUPOS DE ESTUDIO**

**COMPENSACIÓN
DE DESIGUALDADES
EN EDUCACIÓN**





► **A PRESELECCIÓN:** fíxoa o departamento de **Orientación**, pero a **selección definitiva** foi tarefa da **BIBLIOTECA** en colaboración **cos titores**, despois da **avaliación inicial**. Realizáronse **entrevistas** presenciais e individualizadas aos **pais dos posibles candidatos**. A colaboración dos titores e a comunicación directa coas familias sentaron as bases para poder acadar o éxito

► A CHEGADA DO PROA

No curso 2006-2007 o centro entra no PROA

Do 2007-2008 ao 2011-2012 o grupo da biblioteca intégrase no programa e **recibe axuda económica e recoñecemento por parte da comunidade educativa: os profesores e profesoras prestaban apoio aos grupos nas horas de garda, pero como no PROA, fóra da Biblioteca, as clases de apoio por materias tiñan oficialmente recoñecidas estas horas como tempo lectivo e non de garda, ao ano seguinte (2008-2009) fíxose notar o agravio comparativo; nese momento os grupos da Biblioteca xa tiñan prestixio dentro e fóra do centro e a dirección incluíu esas horas como lectivas.**

▶ **OS CONTRATO PROGRAMA**

**CURSO 2012-2013: ACTUACIONES SOLICITADAS
DENDE O IES DE VILALONGA Á ADMINISTRACIÓN
EDUCATIVA.**

1.- Atención directa ao alumnado

**1.1.- Desenvolvemento de capacidades-refuerzo
educativo.**

- CLASES DE REFORZO, ORIENTACIÓN E APOIO.**
- CURSO BÁSICO DE TÉCNICAS DE ESTUDO**
- CLASES DE RECUPERACIÓN DE PENDENTES**

1.2.- Biblioteca escolar

- **Titorías de estudo NA BIBLIOTECA: “A BIBLIOTECA COMPENSADORA DE DESIGUALDADES”**
- **A BIBLIOTECA COMO DINAMIZADORA CULTURAL**

2.- INTERVENCIÓN COAS FAMILIAS

- **Relación cos pais dos centros adscritos.**
 - **Relación cos pais de secundaria.**
- Charlas informativas.**

3.- INTERVENCIÓN NA CONTORNA

- **Talleres de actividades extraescolares.**

LIÑAS DE ACTUACIÓN SELECCIONADAS POLA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN

- ◆ **Atención directa do alumnado (desenvolvemento de capacidades-reforzo educativo)**
- **Atención directa do alumnado (biblioteca escolar)**
- ◆ **Intervención coas familias (colaboración coas familias)**
- ◆ **Intervención no contorno (talleres de actividades extraescolares)**

MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN

- ◆ **clases de reforzo, orientación e apoio (nas materias instrumentais).**
- **tutorías de estudo na biblioteca (nas materias instrumentais).**
- ◆ **curso básico de técnicas de traballo intelectual.**
- ◆ **clases de recuperación de pendentos (para toda a ESO).**
- **a biblioteca como dinamizadora cultural.**
- ◆ **relación cos pais e nais dos centros adscritos, relación cos pais e nais de secundaria, charlas informativas sobre diversas temáticas relacionadas coa educación dos seus fillos e fillas.**

INDICADORES PARA MEDIR O AVANCE DO ALUMNADO

Indicadores específicos: mellora dun **15 %** dos resultados do alumnado do **grupo-biblioteca** obtidos na avaliación de final de xuño respecto da 1ª avaliación.

TITORÍAS DE ESTUDO NA BIBLIOTECA: “A BIBLIOTECA COMPENSADORA DE DESIGUALDADES”

► COORDINADORES:

- COORDINADORA DA BIBLIOTECA
- XEFATURA DE ESTUDOS

► FUNCÍONS:

- Información ás familias.
- Organización dos grupos.
- Control de asistencia.
- Seguimento e avaliación.

☉ ¿A QUEN VAN DIRIXIDAS?

- Alumnado de 2º de ESO que **no curso anterior recibiu clases de orientación e apoio.**
- Alumnado de 1º e 2º de ESO **previa demanda das familias.**
- Alumnos de 1º e 2º de ESO **propostos pola xunta de avaliación.**

☐ HORARIO:

- **LUNS E XOVES**
de 16:15 ás 18:00h
(polas tardes fóra do horario lectivo de secundaria) do
1 de outubro ata o 15 de
xuño.

► **Profesores de apoio:**

- **4 profesores/profesoras un do ámbito científico e outro do ámbito lingüístico cada tarde.**

Previamente á incorporación do alumno/a ao programa as familias serán informadas persoalmente pola Coordinadora da biblioteca da estrutura e finalidade do Programa, así como das causas xustificadas polas cales se considera unha medida positiva para o alumno. As familias terán que dar o seu consentimento e asinarán o seu compromiso de colaboración (Anexo VI)

SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DA MEDIDA:

Con carácter trimestral, e coincidindo coas xuntas de avaliación os profesores encargados do programa terán unha reunión na que valorarán os seguintes aspectos:

- ★ Avance na adquisición de coñecementos.**
- ★ Avance na autonomía no estudo.**
- ★ Asistencia regular ás clases.**
- ★ Avance nos hábitos de organización e constancia no traballo.**

As conclusións destas valoracións serán recollidas no anexo VII, e serán comunicadas ás familias a través dos **titores.**

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS QUE SE PERSEGUEN

♦ *Con respecto ao alumnado:*

- **Axudar a facer os deberes e a estudar aos alumnos e alumnas que presentan algún tipo de dificultades.**
- **Desenvolver as capacidades de lectura, escritura e cálculo.**
- **Traballar co alumnado a comprensión do material de estudo.**
- **Fomentar os hábitos de organización e constancia no traballo.**
- **Fomentar a adquisición dos coñecementos como ferramentas imprescindibles para desenvolvernos na vida e cimentar as bases dun saber que os faga máis capaces e libres.**
- **Empregar a Biblioteca dentro dos procesos de aprendizaxe e estudo.**

♦ ***Con respecto ás familias :***

- ★ **Fomentar a implicación das familias no proceso de formación dos seus fillos.**

♦ ***Con respecto ao Centro :***

- **Elevar os niveis de éxito escolar na ESO**
- **Mellorar a calidade da educación.**
- **Integrar o programa como parte do PEC.**
- **Garantir a coordinación entre as familias e o profesorado responsable do programa.**
- **Garantir a coordinación entre o profesorado implicado no programa e o equipo docente.**



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
 E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

IES de Vilalonga

A Salgueira, 40 - 36990 Vilalonga-Sanxenxo (Pontevedra)



FONDO SOCIAL
 EUROPEO

986744953 - 986743103 (FAX)
 ies.vilalonga@edu.xunta.es
 www.iesvilalonga.org

ANEXO VI

D./Dona _____ con DNI _____

en calidade de pai/nai/representante legal do alumno/a:


.....
 matriculado en _____, grupo _____ da E.S.O.

FAGO CONSTAR QUE:

Despois de ser informado polo Centro do programa-contrato que se desenvolve neste Centro, e tendo en conta as dificultades que o alumno/a presenta no proceso de aprendizaxe, **CONSINTO** que o citado alumno asista ás **titorías de estudo na biblioteca**. Do mesmo xeito, **COMPROMÉTOME** a colaborar co profesorado encargado do programa en todos aqueles aspectos encamiñados a conseguir os obxectivos marcados, así como a comunicar ao Centro as faltas de asistencia con antelación.

En Vilalonga, a _____ de _____ de 20__

Asdo.:



ANEXO VII VALORACIÓN DAS TITORÍAS DE ESTUDO NA BIBLIOTECA.

AVALIACIÓN _____

ALUMNO/A:.....**CURSO**.....**GRUPO**.....

Reunidos os profesores/as responsabeis das titorías de... estudo con data acordaron en relación ao citado alumno/a as seguintes valoracións:

Aspectos	Valoración
	Positiva/Negativa
Asistencia regular ás titorías :	_____▶
Avance na adquisición de coñecementos:	_____▶
Avance na autonomía no estudo:	_____▶
Avance no hábito de organización do traballo:	_____▶
Constancia no traballo:	_____▶

Outros aspectos a destacar:

.....

.....

.....

.....

.....

En Vilalonga, a _____ de _____ de 20__

O/A TITOR/A

Asdo.: _____

▪ **A OPINIÓN DOS PROFESORES.**

→ **ÁMBITO SOCIO-LÍNGÜÍSTICO:**

Os profesores que impartimos clase na Biblioteca as tardes do luns e os mércores temos unha valoración positiva das mesmas:

Os alumnos e alumnas resoven as dúbidas que lles xorden no momento de realizar as tarefas das distintas materias; se teñen algún exame explicámoslles ou preguntámoslles para afianzar os coñecementos.

Pensamos que o noso labor pedagóxico é importante, xa que o alumnado mellora as súas competencias básicas tanto na área científica coma na socio-ligüística.

Por outro lado, aprenden a utilizar con facilidade materiais de apoio, máis alá dos textos oficiais, que a Biblioteca ten sempre a súa disposición: dicionarios, atlas, outros libros, internet...

Fóra do ámbito académico, tamén conseguimos reeducar comportamentos en distintos aspectos: o respecto cara aos demais, o vocabulario, a limpeza, o descubrimento do pracer de ler...

Procuramos inculcarlles unha actitude positiva cara ao estudo e persoalmente, pola súa banda, séntense atendidos, notan que o centro = sociedade se preocupa deles, xa que aquí se lles presta a atención académica que moitas veces non atopan nas familias. Neste senso, traballamos e cremos que melloramos a AUTOESTIMA, pois con demasiada frecuencia, o fracaso escolar conleva problemas persoais. Por iso, é importante que crean nas súas posibilidades, no seu traballo e esforzo persoal para integrarse con posibilidades de éxito no entorno escolar.

Os resultados conseguidos pode que non sexan espectaculares a nivel académico, pero si que se aprecian significativamente na súa formación integral: coñecementos, destrezas, relación grupal, concienciación da importancia de aprender...

Proba disto, é que sempre hai alumnos que se suman de xeito voluntario tanto de 2º de ESO coma doutros niveis e sempre atopan apoio e axuda para resolver as súas dúbidas.

→ **ÁMBITO CIENTÍFICO :**

Despois de tres anos participando nas clases de reforzo “A Biblioteca compensadora de desigualdades...” (en 2º de ESO) estamos en posición de extraer algunha conclusión tanto na parte que nos afecta directamente (ámbito científico) coma no resto.

O primeiro que nos chama a atención é a falta de confianza e de autoestima que observamos durante este tempo e que se pon de manifesto en frases que se repiten un ano tras outro “iso é moi difícil para min” ou “eu non vallo para iso” ; cando se lles pregunta sobre o que pensan estudar máis adiante.

Estas expectativas tan febles que case sempre van acompañadas de malos resultados académicos, fan que a súa actitude cara o estudo non sexa a máis apropiada.

Neste senso, xa entran na clase demandando axuda e apoio, por iso consideramos importante a nosa tarefa para intentar reconducir esta conduta prestándolles unha atención case individualizada que os/as anime a formular todo tipo de dúbidas e que de xeito gradual vaian atopando as diferentes respostas con autonomía e independencia.

Non se trata pois, de facer só os deberes.

O profesorado que presta este servizo, ponse en contacto co profesor/a da aula para coordinar e observar as carencias e todos aqueles aspectos que hai que reforzar e corrixir no alumnado con peores resultados académicos.



→A OPINIÓN DOS ALUMNOS E ALUMNAS :

Preguntados pola opinión que lles merecen as tardes na Biblioteca, os máis inquedos responden que prefiren quedar na casa, pero tamén recoñecen que se isto fose posible, non farían as tarefas. Os máis responsables responden que as valoran positivamente porque lles permiten resolver as dúbidas, que lles xorden na realización do traballo diario e, mesmo, de cousas que non entenden na aula e que por motivos de tempo non poden preguntar ao profesor ou profesora correspondente.

Algúns deles valoran moi positivamente o poder utilizar os recursos que lles ofrece a Biblioteca e para moitos é un descubrimento ver que esta non é un escuro almacén de libros.

Todos e todas valoran positivamente o profesorado de apoio, aínda que algún deles se queixa da disciplina que lles esixen no seu comportamento, pero ningún cuestiona o seu traballo. O ambiente que hai no grupo é valorado favorablemente de xeito unánime.